

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

1. **Cal das seguintes é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Estatuto de Autonomía?**
  - a) A artesanía
  - b) As entidades cooperativas
  - c) A ordenación do sector pesqueiro
  
2. **Segundo o Estatuto de Autonomía para Galicia gozan da condición política de galegos:**
  - a) Os cidadáns galegos que de acordo cas leis xerais de Galicia teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia
  - b) Os cidadáns españois que, de acordo cas leis xerais do Estado, teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia
  - c) Os cidadáns españois que de acordo cas leis xerais do Estado teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios do territorio español
  
3. **Escolle a resposta correcta:**
  - a) A parroquia rural goza de personalidade xurídica
  - b) Á parroquia rural, de conformidade coa Lei 7/2001, de 20 de febreiro, recoñéceselle personalidade xurídica
  - c) A parroquia rural non goza de personalidade xurídica
  
4. **A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, depende de:**
  - a) Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza
  - b) Presidencia da Xunta de Galicia
  - c) Consellería de Cultura e Turismo
  
5. **Escolle a resposta correcta:**
  - a) A Consellería de Economía e Facenda forma parte da estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
  - b) A Consellería de Economía e Tesouro forma parte da estrutura orgánica da Xunta de Galicia
  - c) A Consellería de Facenda forma parte da estrutura orgánica da Xunta de Galicia
  
6. **Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia compoñen a Deputación Permanente:**
  - a) Un máximo de 11 membros que representan aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica
  - b) Un mínimo de 11 membros que representan aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica
  - c) Un mínimo de 11 membros que representan a todos os grupos parlamentarios por igual
  
7. **A actividade do Valedor do Pobo non se verá interrompida:**
  - a) Pola declaración dos estados de excepción ou sitio, sen prexuízo do disposto na Constitución Española
  - b) Sempre e cando o Parlamento se encontre reunido, non estea disolto ou expire o seu mandato
  - c) Interrómpeuse sempre
  
8. **A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural pertence á:**
  - a) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
  - b) Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
  - c) Consellería do Medio Rural

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

**9. AGADER é:**

- a) Un ente de dereito público adscrito á Consellería do Medio Rural
- b) Un organismo autónomo adscrito á Consellería do Medio Rural
- c) Un ente de dereito público adscrito á Consellería de Facenda

**10. O Fondo Galego de Garantía Agraria é:**

- a) Un organismo autónomo de carácter comercial e financeiro adscrito á Consellería do Medio Rural
- b) Un ente de dereito público de carácter administrativo adscrito á Consellería do Medio Rural
- c) Un organismo autónomo de carácter administrativo que non forma parte do organigrama da Xunta de Galicia

**11. Os montes veciñais en man común poderán ser declarados como tales, en virtude de:**

- a) Sentenza firme ditada pola xurisdición ordinaria
- b) Resolución da dirección xeral con competencias en materia forestal
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**12. A sinalización e demarcación dun monte veciñal en man común, logo de terse clasificado como tal, será realizada:**

- a) Por parte da consellería competente na materia, de xeito gratuíto
- b) Por parte da consellería competente na materia, sendo os custes asumidos por parte de comunidade unha vez os traballos foran concluídos
- c) Por parte do concello no que se sitúa o monte

**13. O actual Sistema de Información Xeográfica de que dispón o Catastro é:**

- a) SIGCA2
- b) SIGPAC
- c) ARC/INFO para Unix

**14. Na actualidade, a Oficina Virtual de Catastro permite, mediante acceso libre:**

- a) Pago telemático de taxas catastrais
- b) Consultar a cartografía catastral e a calificación das parcelas
- c) Servizo de venda de produtos catastrais

**15. Se nos fixamos nas fronteiras competenciais da Xestión Catastral e da Xestión Tributaria do Imposto sobre Bens Inmóbeis, diremos que:**

- a) A primeira encárgase do inventario catastral e a segunda da valoración
- b) A primeira responsabilízase do inventario e a valoración catastral e a segunda dos instrumentos de cobro
- c) A primeira de realizar o Inventario de Bens Inmóbeis e a segunda de definir as Ponencias de Valores

**16. O Imposto de Bens Inmóbeis:**

- a) Sustitúe ás contribucións territoriais
- b) Púxose en funcionamento o 1 de xaneiro de 1980 para gravar as propiedades rústicas e urbanas
- c) Posúe unha Base Imponíble que é o Valor Catastral que nunca será inferior ao Valor de Mercado

**17. Os Rexistradores da Propiedade dependen do Ministerio de:**

- a) Economía e Facenda

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

- b) Vivenda
- c) Xustiza

**18. A Xestión Tributaria do Imposto de Bens Inmóbles corresponde á:**

- a) Administración Central
- b) Administración Municipal
- c) Administración Provincial

**19. A Xestión Catastral corresponde á:**

- a) Administración Central
- b) Administración Autonómica
- c) Administración Local

**20. Segundo as estatísticas catastrais do ano 2007, publicadas na páxina web da Dirección Xeral do Catastro, o número de parcelas recollidas polo catastro inmobiliario rústico en Galicia, eran:**

- a) Entre 5 e 8 millóns
- b) Entre 8 e 10 millóns
- c) Máis de 10 millóns

**21. O número de titulares catastrais inventariados no Catastro inmobiliario rústico de Galicia, partindo das estatísticas catastrais do ano 2007, publicadas na páxina web da Dirección Xeral do Catastro, era de:**

- a) Entre 500.000 e 1 millón
- b) Entre 1 e 1,5 millóns
- c) Máis de 1,5 millóns

**22. A inscrición dun predio no rexistro da propiedade:**

- a) Ten carácter obrigatorio só no caso de que o predio teña consideración urbana segundo o plan xeral de ordenación municipal vixente
- b) Ten carácter obrigatorio para o propietario en tódolos casos
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**23. Segundo o artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, teñen consideración de datos catastrais protexidos:**

- a) O nome, apelidos, razón social, código de identificación, domicilio de quen figuren inscritos no Catastro Inmobiliario como titulares e superficie do predio
- b) O nome, apelidos, domicilio, teléfono e sexo de quen figuren inscritos no Catastro Inmobiliario como titulares
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**24. De acordo coa lei 10/1985, de 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, a dirección xeral competente na materia poderá:**

- a) Ata a declaración de firmeza de Bases Definitivas, rectificar o perímetro cando sexa necesario, sempre que sexa aprobado previamente pola Xunta Local.
- b) Ata a declaración de firmeza do Acordo de Concentración Parcelaria, rectificar o perímetro cando sexa necesario, para adaptalo aos límites de unidades xeográficas naturais ou polas esixencias do plan de obras e melloras territoriais

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

- c) Ata a declaración de firmeza de Bases Definitivas, rectificar o perímetro cando sexa necesario, para adaptalo aos límites de unidades xeográficas naturais ou polas esixencias do plan de obras e melloras territoriais
- 25. De acordo coa Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, o proxecto de concentración parcelaria:**
- Será aprobado polo servizo provincial competente, previo informe da Xunta Local de zona
  - Será aprobado pola xunta local de zona, previo informe do servizo provincial competente
  - Será aprobado polo director xeral competente previo informe da Xunta Local de zona.
- 26. De acordo coa Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, o Acordo de concentración parcelaria será aprobado por:**
- Por resolución do conselleiro competente na materia
  - Pola dirección xeral competente na materia, previo informe favorable da Xunta Local
  - Pola Xunta Local
- 27. De acordo coa Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro:**
- As deducións previstas no artigo 34 haberán de afectar na mesma proporción á todos os participantes da concentración.
  - Non se aplicará deducción algunha nas achegas de terra polos particulares participantes na concentración parcelaria.
  - As achegas de terra polos particulares participantes na concentración parcelaria están suxeitas ás deducións de ata un tres por cento para o axuste das adxudicacións das fincas de reemprazo e ata un seis por cento para realizar as obras precisas que se refire o artigo 61.
- 28. Segundo a Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, considéranse Zonas de Especial Interese Agrario:**
- Só aqueles predios concentrados nos dez anos anteriores á entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e os que se concentren con posterioridade, sempre que neses supostos o Acordo de concentración sexa firme
  - As zonas indicadas no apartado anterior ademais daquelas zonas que sexan así declaradas mediante decreto polo Consello da Xunta
  - Tódolos predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia
- 29. A cesión á Sociedade Bantegal por parte dun particular da xestión do uso e do aproveitamento dun predio rústico do cal sexa titular implica que:**
- A persoa propietaria ou titular queda eximido de efectuar os labores de conservación e mantemento do predio do que a xestión foi cedida
  - A persoa propietaria ou titular pode seguir a realizar a explotación do predio do que a xestión foi cedida, en tanto a Sociedade Bantegal non o ceda a terceiras persoas
  - A persoa propietaria ou titular non poderá levar a cabo actuacións que alteren de xeito significativo as características de explotación ou o valor do

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

predio do que a xestión foi cedida

**30. No caso de predios rústicos de particulares cedidos para a súa xestión á Sociedade Bantegal que á súa vez están cedidos a terceiros:**

- a) A persoa beneficiaria da cesión reembolsaralle periodicamente á persoa titular do predio rústico o importe que lle corresponda en concepto de renda
- b) Con indiferencia do cumprimento ou incumprimento da relación contractual pola persoa beneficiaria da cesión, a Sociedade Bantegal garantiralle á persoa titular do predio rústico a percepción do importe que lle corresponda en concepto de renda
- c) As dúas respostas anteriores son correctas

**31. Os predios rústicos integrantes do Banco de Terras de Galicia poderanlles ser cedidos pola Sociedade Bantegal a terceiras persoas para o seu uso e aproveitamento, tendo en conta que:**

- a) A cesión por un período superior a 5 anos requirirá o consentimento expreso da persoa titular do predio
- b) O prazo de vixencia da cesión non poderá ser superior a 30 anos salvo que exista acordo entre as partes
- c) O prezo tipo fixado no contrato nunca será diferente dos valores que para ese ano teña establecido o Consello da Xunta

**32. De acordo aos seus estatutos, os órganos da Sociedade Anónima Xestora Bantegal son:**

- a) A Xunta Xeral de Accionistas e o Consello de Administración, que estará integrado por cinco membros
- b) A Xunta Xeral de Accionistas, o Consello de Administración e a Comisión Executiva
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**33. A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, atribúelle á Sociedade Anónima Xestora Bantegal a titularidade dos seguintes bens:**

- a) Os bens inmobles patrimoniais constituídos polas fincas resultantes dos procesos de concentración parcelaria dende 1992.
- b) Ademais dos citados no apartado anterior as masas común e os predios sobrantes das adxudicacións dos lotes de substitución daquelas zonas de concentración parcelaria que adquiran firmeza con posterioridade á entrada en vigor da citada lei, no momento de adquiriren firmeza
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**34. Segundo o artigo 2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, unha Unidade de Xestión Forestal é:**

- a) A superficie forestal, cunha extensión mínima de 15 hectáreas, que está obrigada a manter un instrumento de xestión forestal específico e unha rede de infraestruturas preventivas básicas, e que será obxecto de priorización nas accións de fomento forestal
- b) Conxunto de predios forestais cunha extensión de 15 hectáreas no que o 50% dos propietarios acceden, voluntariamente, a manter un instrumento de xestión forestal específico
- c) Unidade de reorganización da propiedade forestal que, afectando a un mínimo de 15 ha, conleva un proceso de concentración parcelaria forestal

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

coa construción de novas infraestruturas preventivas básicas

- 35. Segundo o artigo 30 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a aprobación definitiva da unidade de xestión forestal será outorgada por:**
- a) O Consello da Xunta
  - b) A consellaría competente en materia forestal
  - c) O Delegado da consellaría competente en materia forestal na provincia na que se sitúe a maioría da superficie da unidade de xestión forestal
- 36. Segundo o artigo 20 do Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia, os órganos da entidade de xestión serán, como mínimo:**
- a) Asemblea xeral
  - b) Xunta rectora
  - c) Asemblea xeral e xunta rectora
- 37. Segundo o Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia, a execución dos plans do instrumento de xestión forestal específico nos terreos que non se tiveren integrado na unidade de xestión forestal e estiveren afectados pola superficie contigua dela, é responsabilidade de:**
- a) Da xunta rectora, salvo que nos estatutos se reflecta outra responsabilidade
  - b) Das persoas propietarias dos terreos
  - c) Neses terreos o instrumento de xestión forestal específico non é de execución
- 38. Na delimitación das unidades de xestión forestal, segundo o Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia, as parcelas de titulares descoñecidos que se encontren no seu perímetro:**
- a) Non poderán ser incluídas na unidade de xestión forestal
  - b) Pasarán a ser titularidade da unidade de xestión forestal se no transcurso de 5 anos non aparece o lexítimo dono
  - c) Incluíranse na superficie da unidade de xestión forestal se na data da súa constitución non están incluídas noutra unidade
- 39. De acordo coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia os plans de ordenación municipal deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo:**
- a) Urbano, de núcleo rural e rústico
  - b) Urbano consolidado, urbano non-consolidado e rústico
  - c) Urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico
- 40. De acordo coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, considérase solo urbano consolidado:**
- a) O integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumido polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana substancialmente diferente da realmente existente
  - b) O integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumido polo planeamento urbanístico, poidan adquirirla condición de soar mediante obras accesorias e de escasa

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación ou construción

- c) O integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumido polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante obras que estiveran previstas nos planes de ordenación municipal

**41. De conformidade ca Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terán a condición de soar:**

- a) As superficies de áreas de expansión legalmente divididas e aptas para a edificación que en todo caso contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública o, non contando con estes servizos, o planeamento teña previsto en esas zonas obras de urbanización
- b) As superficies de solo urbano consolidado, solo urbano non-consolidado e solo urbanizable legalmente divididas e aptas para a edificación que en todo caso contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais a rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública ou, non contando con estes servizos, o planeamento teña previsto en esas zonas obras de urbanización
- c) As superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que en todo caso contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais a rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública

**42. De conformidade coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terán a condición de solo rústico:**

- a) Os terreos que deban ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico
- b) Os terreos destinados a fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, e ambientais
- c) Todos os terreos que non teñan a condición de urbano ou núcleo rural

**43. De acordo coa Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, considérase solo rústico de protección agropecuaria:**

- a) As áreas de cultivo libres de edificación de extensión maior de 100 ha
- b) Os terreos obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da Lei ou aqueles que o fosen nos dez anos anteriores a esta data
- c) Todos os terreos de alta produtividade agrícola ou gandeira

**44. A referencia catastral dun ben inmovible de natureza rústica está composto por:**

- a) 20 díxitos, entre os que debe figurar o código do municipio
- b) 18 díxitos, entre os que figurará o código do polígono catastral
- c) 15 díxitos, entre os que figurará o código da Xerencia Provincial de Catastro

**45. Cando nunha oficina de catastro solicitemos unha cédula catastral obteremos:**

- a) Descrición literal de todas as parcelas que ten un propietario, dentro do municipio, sen anotación de lindeiros
- b) Descrición literal de todas as parcelas que ten un propietario, dentro do

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

municipio, con anotación de lindeiros

- c) Descrición literal da parcela ou parcelas que constitúen a finca, cos seus códigos

**46. O sistema catastral actual de España posúe:**

- a) Natureza fiscal
- b) Natureza xurídico-fiscal
- c) Natureza xurídica

**47. Sinala a resposta correcta:**

- a) O País Vasco e Navarra teñen o seu propio sistema catastral
- b) Cataluña e o País Vasco teñen o seu propio sistema catastral
- c) Andorra e Cataluña teñen o seu propio sistema catastral

**48. Segundo a Lei 7/2007, de 31 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, o propietario ou titular que teña cedida a xestión dun predio rústico ao Bantegal poderá solicitar o rescate de dita cesión:**

- a) En calquera momento
- b) Só no caso de que o titular ou propietario se incorpore a actividade agraria
- c) En calquera momento, agás no caso de arrendamento a un terceiro

**49. A Comisión Técnica de Prezos e Valores prevista na Lei 7/2007, de 31 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, ocúpase de:**

- a) Emitir un informe anual no que constará o prezo tipo que establecerá a sociedade Bantegal, por zonas xeográficas e en función de diversos parámetros como produtividade ou configuración xeofísica
- b) Aprobar os prezos tipo que establecerá a sociedade Bantegal, logo da proposta do Consello da Xunta
- c) Fixar a comisión máxima por gastos de xestión a aplicar por parte da sociedade Bantegal na cesión de predios rústicos a terceiros

**50. Segundo a Lei 7/2007, de 31 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, non procederá a declaración como predio inculto ou abandonado, entre outros casos:**

- a) Cando os predios estean situados nunha Zona de Especial Interese Agrario
- b) No caso de que os predios estean incorporados ao Banco de Terras de Galicia e a sociedade Bantegal os teña cedidos a terceiras persoas
- c) Cando os predios se atopen en proceso de concentración parcelaria, desde o inicio das obras da rede de camiños principais ata transcorridos seis meses desde a toma de posesión

**51. Segundo o artigo 23 da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (e modificacións posteriores):**

- a) O aproveitamento urbanístico dos propietarios de solo urbanizable será o resultado de aplicar á superficie das súas fincas respectivas o 90 % do aproveitamento tipo da área de reparto correspondente
- b) O aproveitamento urbanístico dos propietarios de solo urbanizable será o resultado de aplicar á superficie das súas fincas respectivas o 85 % do aproveitamento tipo da área de reparto correspondente
- c) O aproveitamento urbanístico dos propietarios de solo urbanizable será o resultado de aplicar á superficie das súas fincas respectivas o 80 % do

aproveitamento tipo da área de reparto correspondente

**52. Que é o Instrumento de Xestión Forestal Específico (IXFE)?**

- a) É o documento que, dende o punto de vista técnico, regula a xestión da UXFOR. Conterá como mínimo un plan técnico de xestión e un plan de defensa contra os incendios forestais e, en función das concretas necesidades da UXFOR, poderá incluír outros plans específicos
- b) É o documento que, dende o punto de vista técnico, regula a xestión da UXFOR. Conterá como mínimo un plan técnico de xestión e un Plan de defensa contra os incendios forestais e, en función das concretas necesidades da UXFOR, e non poderá incluír outros plans específicos
- c) É o documento que, dende o punto de vista xurídico, regula a xestión da UXFOR. Conterá como mínimo un plan técnico de xestión e un Plan de defensa contra os incendios forestais e, en función das concretas necesidades da UXFOR, poderá incluír outros plans específicos

**53. Que é a comisión promotora da UXFOR?**

- a) É o conxunto das persoas propietarias de terreos forestais que, xunto a outras persoas ou entidades públicas ou privadas non propietarias, asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das UXFOR
- b) É o conxunto de persoas propietarias de terreos forestais e outras entidades públicas ou privadas non propietarias que asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das UXFOR
- c) É o conxunto das entidades públicas ou privadas non propietarias, que asumen inicialmente o papel de xestoras e impulsan a creación das UXFOR

**54. De acordo coa Lei13/1989 de 10 de outubro, Lei de montes veciñais en man común de Galicia, os montes veciñais en man común:**

- a) Pola súa natureza de ben privado están suxeitos aos impostos relacionados coa base territorial
- b) Non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social
- c) Dependendo do seu aproveitamento estarán sometidos ao abono da cota empresarial da Seguridade Social

**55. A Directiva Europea Inspire recomenda o seguinte con respecto aos datos ambientais que xestiona a Administración Pública:**

- a) Sexan accesibles aos cidadáns
- b) Sexan capturados mediante técnicas ráster
- c) Sexan sometidos a exposición e participación pública como avaliación previa á súa publicación

**56. Que é o formato vectorial?**

- a) É unha forma de tratamento e representación espacial de entidades mediante a asignación dun par de datos para cada punto, tal que o seu valor é o das propias coordenadas cartesianas
- b) É unha forma de tratamento e representación espacial das entidades mediante a disposición de celas ou píxeles en forma de matriz numérica ou rede de niveis dixitais
- c) É unha metodoloxía de interpretación da información dixital contida nunha ortofotografía

**57. Que é unha clasificación supervisada.?**

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

- a) Procedemento de clasificación dixital mediante o cal se establecen unha serie de campos de entramento seleccionados polo analista en razón da súa homoxeneidade temática, en función da súa semellanza o sistema informático realiza a clasificación da escena completa
- b) Procedemento de clasificación dixital baseado no análise clúster, mediante o cal o sistema informático busca os agrupamentos naturais dos datos para establecer as correspondentes clases
- c) Agrupamento estatístico de datos en torno a características espectrais similares

**58. Cal destes programas é vectorial?**

- a) ENVI
- b) GRASS
- c) Ningún dos anteriores

**59. Cal é a diferenza entre parcela e recinto dentro da base de datos do SIXPAC?**

- a) A parcela é una subunidade que está incluída no recinto a cal ten un uso asociado
- b) O recinto é un grupo de parcelas completas que teñen un mesmo uso
- c) Os recintos son porcións de parcelas cun uso homoxéneo

**60. Segundo os datos de Eurostat da Enquisa sobre a Estrutura das Explotacións Agrícolas do ano 2007, a porcentaxe de Superficie Agraria Utilizada que está en réxime de arrendamento en Francia, en relación á Superficie Agraria Utilizada total:**

- a) É inferior ao 20%
- b) Atópase entre o 40% e o 60%
- c) Supera o 60%

**61. As Sociedades de Xestión Fundiaria e Asentamento Rural teñen a súa orixe no 1960 e xurdiron coa finalidade de mellorar as estruturas agrarias en:**

- a) Alemaña
- b) Francia
- c) Reino Unido

**62. Cal destes tres municipios estaba máis poboado segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) no 2007?**

- a) Vigo
- b) A Coruña
- c) Ourense

**63. Que porcentaxe da superficie total da Unión Europea (EUR/25) corresponde a Galicia segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005?**

- a) 0,74 %
- b) 0,50 %
- c) 0,25 %

**64. Segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005, o número de bovinos (miles de cabezas) en Galicia, España e a UE(25) respectivamente, foi de:**

- a) 980 / 6.464 / 85.851
- b) 345 / 5.677 / 200.000
- c) 5.755 / 65.994 / 455.000

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

- 65. Cal foi a produción de leite en Galicia (miles de litros) no ano 2005, segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia 2005?**
- a) 2.258.117
  - b) 6.998.443
  - c) 500.877
- 66. Cal foi a cantidade de madeira (m<sup>3</sup> con cortiza) producida en Galicia no 2005, segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia 2005?**
- a) 19.334.998
  - b) 5.725.049
  - c) 456.988
- 67. Que superficie, en hectáreas, se dedica ao cultivo de tubérculos en Ourense, segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia de 2005?**
- a) 6.281 ha
  - b) 3.350 ha
  - c) 1.360 ha
- 68. Cal foi o prezo da terra do labradío secaño (euros/ha) máis frecuente en Ourense no ano 2005 segundo o Anuario de Estatística Agraria de Galicia 2005?**
- a) 11.800
  - b) 6.660
  - c) 15.845
- 69. Segundo a enquisa da estrutura das explotacións agrícolas do ano 2007, que porcentaxe supón a superficie en réxime de propiedade en Galicia?**
- a) Menos do 40%
  - b) Do 40% ao 70%
  - c) Máis do 70%
- 70. De acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, os catálogos da paisaxe serán aprobados por:**
- a) O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de medio rural
  - b) O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de medio ambiente
  - c) O Conselleiro competente en materia de medio ambiente por proposta da Consellería competente en materia de ordenación do territorio
- 71. De acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, as directrices de paisaxe son:**
- a) As determinacións que baseadas nos catálogos de paisaxe definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar
  - b) Os obxectivos básicos de calidade paisaxística establecidos na propia Lei
  - c) Os obxectivos básicos de calidade paisaxística que se establecen en cada Plan de acción da paisaxe en áreas protexidas
- 72. Segundo a Lei 49/2003, de 26 de novembro, de arrendamentos rústicos. Cal é a duración mínima dun contrato de arrendamento?**
- a) 5 anos
  - b) 10 anos
  - c) 4 anos

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL DA  
EMPRESA PÚBLICA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTORA BANTEGAL  
Técnico Superior de Estudos e Dinamización (Opción B-Galego)

**73. Entre os instrumentos de ordenación do territorio previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, atópanse os seguintes:**

- a) Directrices de ordenación do territorio, plans territoriais integrados e plans de ordenación do medio físico
- b) Directrices de ordenación do territorio, plans xerais de ordenación municipal e plans de ordenación do medio físico
- c) Ningunha das anteriores é correcta

**74. A "administración da terra" se baséase en:**

- a) No coñecemento da configuración xeográfica da propiedade
- b) No coñecemento da propiedade, dos usos e do valor da mesma
- c) As limitacións legais que os planeamentos fan do uso da terra

**75. En España:**

- a) O catastro lexítima a titularidade da propiedade
- b) Tanto o catastro como o rexistro de propiedade garanten a titularidade dos dereitos da propiedade
- c) O Rexistro da propiedade serve para inscribir e dar publicidade á propiedade dos bens inmobles e dos dereitos que recaen sobre os mesmos.